



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE CEMITERIO MUNICIPAL

Artigo 1.- Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa do cemiterio municipal, que se rexirá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2.- Feito impositivo.

Constitúe o feito impositivo da taxa a prestación dos servizos do cemiterio municipal, tales como: asignación de espazos para enterramentos, permisos de construción de panteóns ou sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineración, movemento e colocación de lápidas, verxas e adornos, conservación dos espazos destinados ao descanso dos defuntos, e calesqueira outros que, de conformidade co previsto no Regulamento da policía sanitaria mortuoria sexan precedentes ou se autoricen a instancia de parte.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuintes os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización concedida.

Artigo 4.- Responsabeis.

1. responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2. Serán responsabeis subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5.- Exencións subxetivas.

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

a) Os enterramentos dos asilados procedentes da Beneficencia, sempre ca condución se verifique por conta dos establecementos



CONCELLO DE REDONDELA

mencionados e sen nengunha pompa fúnebre que sexa xosteadada pola familia dos falecidos.

b) Os enterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.

c) As inhumacións que ordene a Autoridade xudicial e que se efectúen na fosa común.

Artigo 6.- Cota tributaria.

A cota desta taxa sera a que figure no anexo desta ordenanza.

Artigo 7.- Devengo.

Devengase a taxa e nace a obrigaón de contribuir cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravamen, entendéndose, a estes efectos, que dita iniciación prodúcese coa solicitude de aqueles.

Artigo 8.- Declaración, liquidación e ingreso.

1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate. A solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns acompañada do correspondente proxecto e memoria, autorizados polo facultativo competente.

2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma, que será notificada, unha vez que fora prestado dito servizo, para o seu ingreso directo nas arcas municipais na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 9.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final:

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.



ANEXO

A tarifa desta taxa será a seguinte:

	Euros
a) Licencias de inhumación:	
a.1) Persoas maiores.....	39,95
a.2) Nenos/as ata 15 anos	12,77
a.3) Fetos ou restos anatómicos.....	6,10
b) Licencias de exhumación.....	12,77
c) Aluguer dun nicho por seis anos.....	129,85
c.1) Aluguer por cada ano mais, ata un máximo de catro anos.....	25,52
c.2) Aluguer dunha sepultura en terra, por seis anos.....	39,96
c.3) Por cada ano mái.....	12,76
d) Conservación e adobio de cemiterio:	
d.1) Por cada nicho ou sepultura, en terra, anualmente.....	13,32
e) Concesión de parcelas para facer nichos ou mausoleos no cemiterio de Mañó:	
e.1) Nos terreos para facer 4 nichos (zona A4/4B).....	260,26
e.2) Nos terreos para facer 3 nichos (zona A/3).....	208,10
e.3) Zona de mausoleos, metro cuadrado.....	194,78
f) Concesión temporal de panteóns durante a existencia do cemiterio:	
f.1) Panteóns clase A-3, incluídos cinseiros.....	1.561,55
f.2) Panteóns clase B-4, incluídos cinseiros.....	1.952,20
g) Cambio de titularidade de parcelas e nichos:	
g.1) Por cada parcela para nichos.....	64,92
g.2) Por cada parcela para mausoleos	194,78
g.3) Por cada nicho.....	103,77

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

BOP número 299, do 27.12.1989

BOP número 86, do 03.05.1996

BOP número 245, do 26.12.2000

BOP número 241, do 15.12.2003

BOP número 247, do 27.12.2005

BOP número 249, do 26.12.2008